- ¿ Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital.
- ¿ CDs audio, CD-ROMs de recursos didácticos, DVDs, webs 2.0.
- ¿ Materiais complementarios.
- ¿ Aula Virtual
- ¿ Web dinámica CEP Sequelo
- ¿ E-mail
- ¿ Vídeos de: Youtube, ESL games¿
- ¿ Lecturas: Lyrics training, Wordcloud, Storyline Online¿
- ¿ Cuestionarios: Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet
- ¿ Webs con xogos/fichas interactivos: British Council¿
- ¿ Webs/blogs específicos de Inglés.
- ¿ Class tools, Genialy, Educandy

reading corner: diferentes tipos de libros en Inglés adecuados a nuestros alumnos.....

training corner: flashcards, pictures, worksheets,, different games...

ICT corner .

Dramar corner

Tarjetas, parchís, ladder and snakes, memory cards...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	10	5	10	5	15	15	15	100
Proba escrita	0	35	20	0	40	0	30	25	20	22
Táboa de indicadores	100	65	80	100	60	100	70	75	80	78

Criterios de cualificación:

Para a cualificación terase en conta:

- A participación oral durante a clase.
- Repetición dos sons que o precise.
- Proba escrita, e tamén con audio, referida ao tema estudado.
- Atención ás explicacións e intervencións dos compañeiros.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Tratarase de reforzar o rendemento na aula de Inglés con repaso de actividades adaptadas ao nivel do alumno e elaboración de fichas por parte do mestre.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Inluilos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.			X		X			
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos.		X					X	
ET.3 - Os dereitos da infancia.	X			X		X		X
ET.4 - Respecto hacia os animais,					X			X
ET.5 - Pluralidade social.			X				X	

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos.	X
ET.3 - Os dereitos da infancia.	
ET.4 - Respecto hacia os animais,	

	UD 9
ET.5 - Pluralidade social.	

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Conmemoracións da escola.	Christmas carols cantadas no festival organizado polo colexio no Nadal.
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween celebrado no colexio co seu homólogo Samaín.

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Neste apartado "descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo, ou o emprego que lles daremos aos datos. Isto é decisión de cada mestre e mestra, e en todo caso do claustro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. Neste apartado cada mestra/e decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación Proens.

E ,se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na area de lingua estranxeira.

9. Outros apartados

1. Unidade 1. Fichas

- What's this? It's a...
- Rhyming sounds

2. Unidade 2. Fichas

- Who's this?

3. Unidade 3. Fichas

- Rhyming sounds.
- What are these?

4. Unidade 4. Fichas

- Ben and Lisa make a puppet.
- Rhyming sounds.

5. Unidade 5. Fichas

- It can't fly.
- At the vet's.
- It can fly.

6. Unidade 6. Fichas

- Where is it?
- Where are the parts of the puppet?
- School objects everywhere.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A programación presente corresponde a 2º de Primaria para o ensino da lingua estranxeira Inglés nun colexio do centro de Coruña con nive sociocultural medio-alto. Vai dirixida a 74 alumnos/as divididos en tres aula. Seguindo co traballo na etapa de Infantil, a adquisición do Inglés é moi semellante ao proceso de aprendizaxe da lingua materna. Os nenos/as entrarán en contacto cun linguaxe sinxelo, pero natural, que non se limitará a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que formará parte dunha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Tan importantes son as frases que marcan a labor cotiá na aula de Inglés, como as que aparecen nas unidades que imos traballar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade de introducción. Hello!	Números 11-20 Cores.	10	10	X		
2	Unidade 1: Good morning!	Roupa, clima e preposicións.	15	10	X		
3	Unidade 2: A lección do arte	Material de aula.	15	10	X		
4	Unidade 3: Cando é o teu aniversario?	Meses e conmemoracións.	15	10		X	
5	Unidade 4: Que hai para comer?	Distintos alimentos	15	10		X	
6	Unidade 5: Xogamos	Xogos e xoguetes.	15	10			X
7	Unidade 6: Imos á granxa	Animais de granxa. Grande e pequeno. Fame e sede.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade de introducción. Hello!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Repetir correctamente saúdos e despedidas. (Hello e goodbye) Repetir números 11-20 e cores.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar correctamente números 11-20 e cores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	identificar correctamente na pantalla dixital, as cores e números 11-22		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Escoitar o conto da unidade.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Repetir a canción alusiva aos números e as cores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Fixarse que a cor "grey" é similar a gris.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizados e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Interese por coñecer a cultural angoparlante		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Respectar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 1: Good morning!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar na pantalla dixital o debuxo das distintas palabras clave do tema.	PE	50
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese en coñecer as palabras clave da roupa en Inglés.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Respectar a diversidade cultural dos países de fala inglesa.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Identificar o debuxo das palabras do vocabulario do tema	TI	50
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Ver a similitude entre "boots" e botas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 2: A lección do arte	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Identificar na pantalla dixital o debuxo das distintas palabras clave do tema.	PE	50
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese nos nomes das cousas da aula en Inglés.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Identificar o debuxo das palabras do vocabulario do tema	TI	50
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Escoitar e repetir a canción do tema		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 3: Cando é o teu aniversario?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Relacionar palabra escrita co debuxo e repasala.	PE	50
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Escoitar e repetir a canción do tema.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Mostrar interese no vocabulario dos meses en Inglés.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiáns co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Identificar o debuxo das palabras clave do tema.	TI	50
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Repetir axeitadamente as palabras clave do tema.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Contestar "yes I have" e "no I haven't".		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 4: Que hai para comer?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Unir na pantalla dixital o debuxo das distintas palabras clave do tema.	PE	40
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Escoitar e repetir a canción do tema.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese no vocabulario da comida en inglés.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Identificar o debuxo das palabras clave do tema.	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Repetir axeitadamente as palabras clave do tema.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Dicir a frase ollando para un debuxo do tema.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Escoitar a similitude entre "cream" e crema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas

Contidos

- sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións ortográficas elementais.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 5: Xoguemos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Copiar a palabra correcta no seu oco.	PE	35
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese no vocabulario dos xogos en Inglés.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Identificar o debuxo das palabras clave do tema.	TI	65
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Escoitar e repetir a canción do tema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Dicir o "chant" do mini diccionario do tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Convencións ortográficas elementais. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 6: I mos á granxa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Dicir a frase ollando para un debuxo do tema e logo copiala.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Repasar e copiar nos ocós correspondentes as palabras clave.	PE	70
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Unir na pantalla dixital a fraseco seu debuxo correspondente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Respectar a diversidade cultural dos países de fala inglesa.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Repetir axeitadamente as palabras clave do tema.	TI	30
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Escoitar e repetir a canción do tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Convencións ortográficas elementais. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Activa: permite que o alumno/a interveña de forma creativa no proceso de ensino.

Participativa: axudar a que o alumnado se sinta parte do proceso.

Motivadora: Ter como motivo esencial que ao alumnado lles guste o idioma Inglés e desexen seguir aprendendo.

Inclusiva e integradora: Crear o clima necesario para que todo alumnado sen excepción se sinta parte no proceso de ensino aprendizaxe.

Obxectiva: actitude crítica, imparcial, sen prexuízos e que se apoia en datos e situacións reais da aula. Abitar os medios que fagan posible o xogo e actividade en torno aos que se desenvolverá a linguaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Inglés 2º de Primaria

Libro de texto (Pupil's Book).
 Libro de texto (Pupil's Book).
 Libro de actividades (Activity Book).
 Aplicación dixital dos libros.
 Recortables.
 Vídeos dos temas, canción e historias. CD para os audios.
 Monicreques do libro.
 Xogos.
 Smartboard: pantalla dixital, táctil e interactiva.
 Sala de ordenadores.
 Sala de vídeo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase no primeiro mes do curso escolar para coñecer e valorar a situación inicial do alumnado. Teráse en conta os informes persoais do curso anterior e tamén os datos obtidos no punto de partida do novo curso. Para isto se aplicarán actividades de escoita, repetición, repasar, copiar, relación e escoller entre varias opcións. Todo isto servirá como referencia para o equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do curriculum.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	50	50	50	40	35	70	44
Táboa de indicadores	100	50	50	50	60	65	30	56

Criterios de cualificación:

Son os seguintes:

50% da cualificación será o traballo diario na aula.

20% da cualificación será comportamento e actitudes de colaboración na aula.

30% da cualificación son das probas eventuais de avaliación.

Criterios de recuperación:

Tratarase de reforzar onde máis o precisen, con actividades adaptadas ao nivel do alumno/a coa

elaboración de material por parte de docente.

6. Medidas de atención á diversidade

Co alumnado que necesite medidas de atención á diversidade se aplicarán as seguintes:

- Medidas ordinarias de atención educativa. Esto se levará a cabo co aquel alumnado que teña algunha circunstancia que lle impida seguir o ritmo da aula. Terán como referencia os obxectivos do curso no que estea escolarizado.
- Medidas de reforzo educativo. Dirixidas ao alumnado con problemas ou dificultades de aprendizaxe.
- Medidas especializadas de atención educativa. Faranse adaptacións curriculares para aqueles alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Na dinámica da aula tratarase de desenrolar ao máximo posible as capacidades de todo o alumnado de xeito que cada un amose todo o seu potencial.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Talking about clours.	X						
ET.2 - Following instructions		X					
ET.3 - Help in the classroom.			X				
ET.4 - Birthday celebrations				X			
ET.5 - What do you recycle?					X		
ET.6 - Physical Education: Parts of the body.						X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Special days in the year.							X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Celebración do Samaín.			
Christmas	Celebración do Nadal.			
Easter	Celebración da Pascua.			

Observacións:

Conxuntamente toda a comunidade escolar celebra o samaín e na área de Inglés o traballamos e celebramos como Halloween.

Tamén se celebra conxuntamente con toda a comunidade o Nadal- Christmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Indicadores de logro

Descrición:

Deberían ter en conta;

- Se a práctica docente se axusta ás peculiaridades do grupo e de cada alumno/a.
- Comparar a planificación do currículo co desenvolvemento do mesmo.
- Detectar as dificultades e problemas na práctica docente
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.

- Coordinarse cos distintos equipos docentes.
- Manter una comunicación constante coas familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguimento e avaliación:

- Observación diaria na aula e anotación de incidencias.
- Conversas co grupo sobre o grado de aceptación, gusto ou preferencia polas actividades.
- Comprobación periódica da participación e interese do alumnado en relación á temporalización dos contidos.

Propostas mellora:

- Redución das ratios nas aulas, para fomentar unha dedicación máis cercana e individualizada.
- Fomentar a participación das familias no proceso de adquisición dunha lingua estranxeira.
- Seguir motivando o gusto polo Inglés por parte do alumnado.

9. Outros apartados

1. Photocopiables de reforzo para cada unidade.

Unidade de introducción "Hello"
Ficha. "Who is who".

2. Unidade 1. Fichas

- What are these?
- Rhyming sounds.
- What colour are the clothes?
- What's the weather like?

3. Unidade 2. Fichas:

- Where is it?
- What's different?
- Questions and answers.

4. Unidade 3. Fichas:

- Questions and answers.
- Months.
- Birthdays.
- Rhyming sounds

5. Unidade 4. Fichas:

- Questions and answers.
- Speech bubbles.
- Do you like...?
- Rhyming sounds.

6. Unidade 5. Fichas:

- Questions and answers.
- Rhyming sounds.
- Speech bubbles.

7. Unidade 6. Fichas:

- Plural sounds.
- Questions and answers.
- Speech bubbles.
- Goodbye!

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A programación didáctica que se presenta está plantexada por unha banda tendo en conta os modelos que marcan hoxe a nosa sociedade, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe e por outra banda, o contexto do Centro . O principal obxectivo da mesma é a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento cultural do alumnado, o fomento da empatía e a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais; todo elo desenvolvido nun marco onde o emprego das ferramentas dixitais supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hello!	Presentacións:preguntar e dicir o nome; preguntar e dicir a idade. Vocabulario dos obxectos da clase.Expresar e preguntar sobre a posesión:verbo have got. Números ata o 10.	10	9	X		
2	Time for sport	Vocabulario dos deportes.Expresar e preguntar sobre a habilidade:verbo can.	15	18	X		
3	Animal watch	Vocabulario dos animais.Expresar o que os animais poden e non poden facer empregando o verbo Can/Can't.Preguntar onde están os animais empregando a expresión: Where's...?.Preposicións de lugar.	15	15	X		
4	Lunchtime	Vocabulario das comidas.Expresar e preguntar sobre os gustos :verbo like.	15	18		X	
5	The clothes box	Vocabulario das prendas de vestir.Expresar o que se leva posto empregando a estrutura: I'm /He's /She's wearing... Vocabulario das cores.	15	15		X	
6	Machines	Vocabulario das partes do corpo.Expresar e preguntar sobre as partes do corpo empregando o verbo: have got.Adxectivos que expresen tamaño.	15	15			X
7	On the beach	Vocabulario das actividades de tempo libre. Expresar e preguntar o que se quere facer empregando o verbo: want to	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hello!	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir frases sinxelas sobre asuntos cotiás a través de ferramentas analóxicas e dixitais,e empregando estruturas e léxico traballado previamente de xeito oral.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Participar de xeito eficaz en actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Comprender o sentido global e a información máis relevante presentada en textos de diversa tipoloxía con estruturas simples e léxico de uso cotiá.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Extraer o sentido xeral e captar os detalles esenciais en textos breves e sinxelos sobre temas cotiás.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Facer presentacións breves e sinxelas sobre temas cotiás cunha pronunciación e entoación comprensible.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Empregar algunhas estratexias para producir mensaxes con diferentes intencións comunicativas apoiándose en recursos físicos ou dixitais.	TI	80
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar de forma activa e respetuosa en intercambios breves de información sobre temas cotiás, a través de respostas verbais ou non verbais.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Empregar as rutinas de saúdo e despedida e as fórmulas de cortesía en situacións cotiás.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interactuar cos demais en explicacións básicas, axudando nas dificultades de comprensión con empatía.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Relacionar elementos de similitud e diferenza entre a lingua extranxeira e a propia reflexionando sobre aspectos básicos do seu funcionamento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Empregar os coñecementos e estatexias adquiridos na mellora da capacidade de comunicar e aprender a lingua estranxeira, con apoio dos demais e de soportes analóxicos ou dixitais.		
